

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Programación e desenvolvemento estratéxico

CÓDIGO DE-01 ÍNDICE 02

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Programación e desenvolvemento estratéxico

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	XX/XX/2023	Área de Calidade	Adaptación e aprobación do procedemento (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.
02	08/09/2025	Área de Calidade	Modificación do procedemento baseada nas indicacións do informe provisional de avaliación do deseño do sistema de garantía de calidade do centro

Índice

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	7
V Anexos	10

I OBXECTO

Establecer a sistemática ou dinámica no centro que permite organizar, despregar e avaliar de forma axeitada a estratexia en liña coa institución, de forma que constitúa un soporte para definir a política e os obxectivos de calidade propios do centro e as súas titulacións cunha orientación cara ao futuro.

II ALCANCE

O alcance do procedemento esténdese aos centros e ás titulacións oficiais de grao e mestrado da Facultade de Dirección e Xestión Pública, no marco do seu Sistema de Calidade e de acordo ás súas particulares características, resultados e valores.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Outros documentos de referencia:

- Universidade de Vigo:
 - Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026

- Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU):
 - Directrices e orientacións para a elaboración e avaliación dos planes de estudo de títulos de grao e máster en ensinanza non presencial e semipresencial (29 de novembro de 2021)

III.2. Definicións

- Estratexia: plan para acadar un obxectivo (UNE-EN ISO 9000:2015).
- Misión: Propósito da existencia da organización, tal como o expresa a alta dirección (UNE-EN ISO 9000:2015).
- Planificación da calidade: parte da xestión de calidade orientada enfocada ao establecemento dos obxectivos de calidade e á especificación dos procesos operativos necesarios e dos recursos relacionados para cumprir os obxectivos de calidade (Norma UNE-EN ISO 9000:2015).
- Plan estratéxico: programa de actuación que procura orientar organizadamente as actividades [da Universidade de Vigo], de acordo coas súas propias capacidades e coas necesidades sociais (Plan estratéxico da Universidade de Vigo).
- Plan operativo: plan estratéxico funcional para desenvolver e facer operativa a estratexia [da Universidade de Vigo] nun ámbito (Plan operativo de xestión da Universidade de Vigo).
- Política de calidade: intencións globais e orientación dunha organización relativas á calidade tal como se expresan formalmente pola alta dirección. Nota: xeralmente a política de calidade é coherente coa política global da organización e proporciona un marco de referencia para establecer os obxectivos da calidade. (Norma UNE-EN ISO 9000)
- Obxectivos de calidade: algo ambicionado ou pretendido, relacionado coa calidade. Nota: os obxectivos da calidade xeralmente baséanse na política de calidade da organización (Norma UNE-EN ISO 9000).
- Organización : conxunto de persoas e instalacións cunha disposición de responsabilidades, autoridades e relacións (Norma UNE-EN ISO 9000).

- **Visión:** Aspiración daquilo que unha organización quereda chegar a ser, tal como o expresa a alta dirección. (Norma UNE-EN ISO 9000). A visión ou a intención estratéxica é o estado futuro desexado pola organización. Trátase da aspiración ao redor da que se intenta centrar a atención e as enerxías dos membros da organización.

- **Docencia presencial:** É aquela modalidade docente na que o conxunto da actividade lectiva que enmarca o plan de estudos se desenvolve de forma presencial (interactuando o profesorado e o estudantado no mesmo espazo físico, sexa este a aula, laboratorios ou espazos académicos especializados).

- **Docencia híbrida:** É aquela modalidade docente na que a actividade lectiva que enmarca o plan de estudos engloba disciplinas ou materias en modalidade presencial e virtual (non presencial), sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes –aínda que a conxugación da dobre modalidade docente implique adaptacións dos elementos académicos a estas–. A proporción de créditos non presenciais para que un título teña a consideración de híbrido será a situada nun intervalo entre o 40 e o 60 % da carga crediticia total.

- **Docencia virtual:** É aquela en que o conxunto da actividade lectiva que se enmarca no plan de estudos se articula a través da interacción académica entre o profesorado e o estudantado que non require a presenza física de ambos no mesmo espazo docente da universidade. Esta modalidade caracterízase por basearse no uso intensivo de tecnoloxías dixitais da información e da comunicación. En termos de carga crediticia, poderá definirse como impartido en modalidade virtual cando ao menos un 80 % de ECTS que o configuran se imparten na dita modalidade de ensino.

III.3. Abreviaturas e siglas

- SGC: Sistema de Garantía de Calidade

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do procedemento

A planificación e o desenvolvemento estratéxico permiten determinar, formalizar e desenvolver a política, a través das liñas estratéxicas, co fin de acadar os obxectivos previstos.

IV.2. Responsable do procedemento


- Centro: Decanato ou Dirección

IV.3. Indicadores


Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo



II. Análise estratéxico e deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro



V ANEXOS

Documentos

Anexo 1: Política e obxectivos de calidade

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DE-01	Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos